

EXPTE.: 3721/2020.-CONTRATACIÓN DO “SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN.

1.-OBJECTO DO CONTRATO.-

O obxecto deste contrato é o subministro e instalación de aseo autolimpiable para a alameda.

2.-NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.-

A necesidade de se pretende satisfacer con este contrato é dotar de aseos públicos ao parque de maior afluencia de veciños do municipio para facilitar a súa utilización pública.

3.-MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

A división en lotes do contrato que nos ocupa dificultaría a execución do mesmo dende o punto de vista técnico. Hai que ter en conta que o aseo autolimpiable non é un equipo de fabricación estándar, senón que se trata dun equipo de fabricación específica e coidada, debendo de levarse a cabo a súa instalación *in situ* pola propia empresa fabricante, polo tanto e ao amparo do recollido na Lei de Contratos do Sector Público, estaría xustificada a non división en lotes do contrato que nos ocupa.

4.-XUSTIFICACIÓN DE ELECCIÓN DE PROCEDEMENTO.-

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministro, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español das directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Óptase polo procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público como procedemento ordinario, e a efectos de facilitar a maior concorrencia posible.

5.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.-

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto 2019-0674 de 18 de xuño de 2019 de delegación de competencias.

6.-DURACIÓN DO CONTRATO:

A duración deste contrato será de seis semanas a contar dende a sinatura do documento contractual.

7.-ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.-

O importe do orzamento base de licitación é de 64.452,06 euros, e o do valor estimado do contrato ascende á cantidade de 77.986,99 euros (64.452,06 € + 13.534,93 € de IVE).

8.-LUGAR DE PRESTACIÓN.-

Alameda do Concello da Estrada

9.-PUBLICACIÓN.-

A presente memoria debe publicarse no Perfil do Contratante desta Administración aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

O alcalde,
(documento asinado dixitalmente á marxe)

